

Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e Gadisa Retail SL en materia de normalización lingüística

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades **DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizará con **Gadisa Retail SL** o instrumento convencional arriba referido que se enmarca na celebración das Letras Galegas 2023 e cun período de vixencia que irá dende a data da súa sinatura ata o **30 de novembro de 2023**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer os elementos necesarios para o desenvolvemento dun proxecto de accións encamiñadas á divulgación da lingua e da cultura galegas, no marco da celebración do Día das Letras Galegas 2023 que este ano está adicado a Francisco Fernández del Riego e, máis alá da data do 17 de maio, tamén noutras épocas do ano. O proxecto que se pretende desenvolver consiste no seguinte:

Promover o uso do idioma galego entre o público xeral, aproveitando en especial as novas posibilidades que ofrecen as ferramentas dixitais para potenciar a creatividade e o talento dos galegos e galegas a través dun concurso de vídeos creativos en TikTok, no que se recoñecerán os mellores contidos en galego en diferentes disciplinas (arte, música, audiovisual, e poesía). Ademais, entregaranse diferentes premios aos gañadores en función de diferentes criterios (calidade técnica, orixinalidade, mellor contido...).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte



De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.

As partes asinantes deste acordo manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades considera esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega coa finalidade de desenvolver accións conxuntas de dinamización da lingua galega dirixidas a sociedade galega en xeral e, deste xeito, lograr unha oferta ampla e competitiva de produtos, servizos e recursos lingüísticos en galego que permitan a libre circulación do galego nos sistemas avanzados da vida moderna.

Que pola singularidade do seu obxecto, esta acción enmarcase no ámbito de acción da responsabilidade social corporativa de GADISA, que promove unha acción de dinamización lingüística moi atractiva para o potencial público destinatario. Neste eido cómpre que en defensa de fins públicos de promoción e normalización da lingua galega a administración competente en materia de planificación lingüística da Xunta de Galicia preste apoio, colaboración e presenza institucional a proxectos pioneiros de referencia cultural e lingüística, cando, ademais, non leva aparelado un custo económico directo imputable as partidas de gasto do seu orzamento. E por iso que, tampouco resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no protocolo.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase telematicamente esta memoria, en Santiago de Compostela.

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

